

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Vista a Resolución da Alcaldía de data 31 de outubro de 2017, pola que se convoca e se aproban as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para a selección dun Monitor Socorrista de Instalación Acuáticas, ao abeiro do Convenio de colaboración asinado coa Excm. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Depuemprego, para prestar servizos como de persoal laboral temporal no concello de Viveiro, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 255 de 7 de novembro de 2017.

Vista a base xeral 6.1, que sinala que *"rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional de admitidos e, se é o caso, excluídos. A dita resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello de Viveiro e na páxina web www.viveiro.es."*

Vista a base xeral 7 no seu punto 3, que sinala *"As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina www.viveiro.es."*

RESOLVE:

1^o.- APROBAR A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS QUE SE SINALA A CONTINUACIÓN:

A) ADMITIDO

Nº	APELIDOS E NOME
1	ESCUREDO DÍEZ, ALBERTO

B) EXCLUÍDOS

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	BALTAR FERNÁNDEZ, BORIS	Non acredita, xunto coa documentación presentada, figurar como demandante de emprego (base específica 2 A e).
2	OUVIÑA MOREIRA, TAMARA	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar inscrita no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia (base específica 2 A d).
3	VÁZQUEZ MORÁN, MARÍA ANGELES	Non acredita, xunto coa documentación presentada, estar inscrita no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia (base específica 2 A d). Non acredita, na documentación presentada, estar en posesión da titulación esixida (Base específica 2 A d).

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

Nº	APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
		Non acredita, xunto coa documentación presentada, figurar como demandante de emprego (Base específica 2 A e).
4	VIJANDE LÓPEZ, ADRIÁN	Non acredita, xunto coa documentación presentada, ter vixente a inscrición no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia (base específica 2 A d).

Os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A presente lista provisional entenderase definitiva, sen necesidade de nova publicación no suposto de que non houbera alegacións ou se estas non foran motivo de consideración.

2º.- NOMEAR AO TRIBUNAL CUALIFICADOR QUE A CONTINUACIÓN SE DETALLA:

PRESIDENTE

Titular: Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Arximiro Fernández Arias, Técnico Asesor en Recursos Humanos, no Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

VOGAIS

Titular: Don Antón Rodríguez Prieto, Monitor Deportivo no Negociado de Deportes da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Xosé Manuel Becerra Pardo, Xefe do Servizo de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, Xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Núñez Beloy, Coordinador de Saúde, Seguridade e Prevención no Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo no Servizo de Recursos Humanos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Ana Losada Real, Xefa da Unidade de Selección, Promoción e Carreira no Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

SECRETARIO

Titular: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor, Xefe Servizo Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

3º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA CONSTITUIRSE E PARA REALIZAR A VALORACIÓN DE MÉRITOS ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES PARA QUE COMPAREZAN, NO SALÓN VERDE DA DEPUTACIÓN DE LUGO O LUNS, DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2017, ÁS 10 HORAS.

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, ós efectos do artigo 2.E do
Real Decreto 1174/1987 a Secretaria.,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147